

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 10 DE XANEIRO DE 2013,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Proxecto de Lei do Sistema universitario de Galicia.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada LU-143 Celeiro (LU-862)-Porto de Celeiro a prol do Concello do Viveiro.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Decreto polo que se dispón que cese Ricardo Capilla Pueyo como director da Axencia Galega de Innovación
- Decreto polo que se nomea a Manuel Antonio Varela Rey como director da Axencia Galega de Innovación

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se dispón que cese Manuel Antonio Varela Rey como director xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se declara o plan denominado Plan sectorial da rede viaria de Ourense e a súa área de influencia como plan sectorial de incidencia supramunicipal para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o resultado da colaboración durante o ano 2012 do persoal do equipo Erpol da Unidade de Policía Adscrita coa Subdirección Xeral de Gardacostas, en materia de loita contra o furtivismo e marisqueo ilegal.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a constitución do Consello Galego de Industria.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a evolución da enfermidade meningocócica en Galicia.

O CONSELLO DA XUNTA RATIFICA O PROXECTO DA LEI DE UNIVERSIDADES PARA A SÚA TRAMITACIÓN E APROBACIÓN NO PARLAMENTO DE GALICIA

- *O documento completa o desenvolvemento normativo do sistema universitario desenvolvido polo Goberno galego na pasada lexislatura, tras a aprobación do Plan de financiamento e o Decreto de titulacións*
- *O proxecto será enviado á Cámara lexislativa para a súa tramitación e aprobación nesta lexislatura*
- *Tivéronse en conta as suxestións presentadas polas universidades, consellos sociais, axencias de calidade e sindicatos, de xeito que o texto é froito dun amplo consenso*

O Consello da Xunta de Galicia ratificou esta mañá o proxecto de Lei de universidades, que será remitido de inmediato ao Parlamento de Galicia para o seu debate e aprobación ao longo desta lexislatura. Trátase dun requirimento necesario para a tramitación do texto no Parlamento de Galicia, dado que o proxecto de lei fora aprobado no Consello da Xunta do pasado 14 de xuño, na pasada lexislatura.

Desta forma ábrese a porta para o debate na Cámara galega deste texto, que foi elaborado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nun exercicio de diálogo, xa que arredor do texto se acadou consenso de todos os actores implicados, desde as propias universidades ata os consellos sociais, as axencias de calidade, sindicatos etc.

O proxecto de Lei de universidades vén a dar resposta á necesidade de constituír un marco legal integrador para o Sistema universitario de Galicia (SUG), un compromiso manifesto do actual Goberno galego. Cómpre lembrar, de feito, que vén a pechar o desenvolvemento normativo iniciado co Decreto de titulacións e o Plan de financiamento do SUG, ambos os textos elaborados polo equipo dirixido por Xesús Vázquez Abad.

A nova norma substituirá a anterior Lei 11/1989 tras máis de 20 anos en vigor, axustándose á adaptación do SUG ao actual mapa derivado do Espazo Europeo de Educación Superior. O texto refunde toda a lexislación universitaria, actualmente dispersa -derróganse catro leis e actualiza todas as actividades universitarias cunha visión moderna, establecendo as liñas xerais de actuación para unha universidade competitiva baseada nos principios de eficiencia, eficacia, descentralización, colaboración, mobilidade e coordinación-.

O SUG do futuro

O proxecto de Lei de universidades senta as bases do SUG do futuro, que debe sustentarse sobre os principios da racionalidade e a eficiencia, procurando unha estrutura adecuada ás necesidades socioeconómicas de Galicia e ás exixencias que supón a plena integración do noso sistema universitario no Espazo Europeo de Educación Superior.

Para isto, ademais, promóvese a competencia ao máximo nivel internacional das universidades galegas, para o cal se fomenta a cooperación e a mobilidade interuniversitaria. Así mesmo, favorécese a igualdade de oportunidades no acceso aos estudos superiores e refórzase a función investigadora.

Tamén, coa mirada posta no futuro e na oportunidade que supoñen as ensinanzas non presenciais, especialmente para a formación das persoas ao longo da vida, a nova lei regula por primeira vez as ensinanzas universitarias non presenciais. Neste sentido, establece ademais que a Xunta promoverá a súa impartición por parte das universidades do SUG co obxectivo de favorecer a cohesión social, o equilibrio territorial e a igualdade de acceso aos estudos superiores universitarios.

Ademais, e como unha das principais novidades do texto, establécese que todas as universidades públicas de Galicia se constituirán nun distrito único para os estudos de grao e de máster para os efectos do ingreso do alumnado.

Racionalización e eficiencia

De acordo cos ditos principios, o novo texto aposta pola racionalización da oferta docente de titulacións e pola mellora das estruturas administrativas, e recolle a necesidade de que a organización e actividade das universidades responda aos principios de eficacia, eficiencia no gasto, xerarquía, desconcentración, descentralización, coordinación e colaboración. Así, cada campus contará coa dotación de persoal en función das súas necesidades.

Entre os puntos máis significativos da lei está a creación e o recoñecemento de novas universidades e centros no SUG. Así, prevese que as universidades, tanto públicas como privadas, deberán contar con campus integrados coas estruturas precisas para a organización e o desenvolvemento de ensinanzas conducentes, como mínimo, á obtención de oito títulos de carácter oficial e con validez en todo o territorio nacional. Destes oito cómpre que polo menos catro sexan graos universitarios e dous sexan programas de doutoramento en dúas ramas do coñecemento.

Mobilidade no SUG

Outro dos puntos reflectidos neste proxecto é a promoción de medidas para obter unha política homoxénea sobre equipos, negociación colectiva e prestacións asistenciais para o persoal docente e investigador das universidades. Estas e a Xunta facilitarán e fomentarán a mobilidade do persoal docente e investigador a través de concursos de traslados.

Ademais, as universidades establecerán canles de colaboración e coordinación que permitan un óptimo aproveitamento dos recursos humanos do SUG. Con esta finalidade, formalizarán convenios de colaboración para que o seu persoal poida desprazarse temporalmente ou con dedicación parcial a centros fóra da súa universidade.

Coa nova lei darase un paso máis desde a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de cara ao desenvolvemento normativo no eido universitario. Cómpre destacar que o texto foi consensuado con todos os axentes implicados directamente no eido do ensino universitario de Galicia.

A XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE DUN TREITO DA ESTRADA LU-143, EN CELEIRO, A FAVOR DO CONCELLO DE VIVEIRO

- ***Rematado o convenio asinado en 2006 entre a Xunta e o Concello de Viveiro para a construción de beirarrúas na rúa Lavandeiras, o municipio solicitou a transferencia deste treito***
- ***A partir da formalización da entrega correspóndenlle ao Concello de Viveiro todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria***

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o cambio de titularidade da estrada LU-143- Celeiro (LU-862)-Porto de Celeiro a prol do Concello do Viveiro.

Rematado o convenio asinado en 2006 entre a Xunta e o Concello de Viveiro para levar a cabo a reposición de firme e construción de beirarrúas na rúa Lavandeiras, o municipio solicitou a transferencia desta estrada, cuxa lonxitude é de 870 metros.

Ao amparo das previsións legais, Portos de Galicia, por afectar terreos do porto de Celeiro, remite informe de conformidade co cambio de titularidade, así como a Área de Planificación e Programación da Axencia Galega de Infraestruturas emite informe favorable ao cambio de titularidade deste treito.


A entrega da vía formalizarase, no prazo dos dous meses seguintes á publicación do decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), mediante a sinatura da acta de entrega.

Cómpre sinalar que a partir da formalización da entrega correspóndenlle ao Concello de Viveiro todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria.

Regulación

A teor do previsto no artigo 5 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.

Por outra parte, a citada Lei de estradas dispón no artigo 54 que as estradas autonómicas ou provinciais ou os treitos determinados delas nos que a circulación adquira característica urbanas, entregaránselles aos respectivos concellos. O expediente promoverase por proposta do concello ou da administración titular da estrada e será resolto polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas, logo do informe de ambos os organismos.



CULTURA E EDUCACIÓN SIMPLIFICA ESTA LEXISLATURA A SÚA ESTRUTURA COA INTEGRACIÓN DA FP NUNHA ÚNICA SUBDIRECCIÓN E O TRASPASO Á AMTEGA DA XESTIÓN DOS SISTEMAS INFORMÁTICOS

- ***A nova estrutura orgánica da Consellería supón un aforro real de preto de 50.000 euros***
- ***O departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad queda composto por unha secretaría xeral técnica, tres secretarías xerais e tres direccións xerais, a mesma estrutura coa que rematou a lexislatura anterior***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria inicia esta nova lexislatura cunha estrutura simplificada, que vén a confirmar a que progresivamente comezara a funcionar nos últimos meses da pasada lexislatura, froito dun exercicio de eficacia e eficiencia na xestión dos recursos públicos.

Para iso, o Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á nova estrutura orgánica deste departamento, que supón un aforro real de preto de 50.000 euros. Nela confírmase a integración dos servizos de xestión da formación profesional nunha mesma subdirección, así como a supresión da Subdirección Xeral de Sistemas Informáticos, cuxas funcións pasan a se integrar na Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). Ademais suprímese e liquídase a Fundación Pública Illa de San Simón.

A nova estrutura orgánica mantén, nos seus riscos fundamentais, a mesma coa que a Consellería de Cultura e Educación rematou a lexislatura anterior, tras os cambios que se foron operando. Así, o departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad queda composto por unha secretaría xeral técnica, tres secretarías xerais –de Cultura, de Política Lingüística e de Universidades- e tres direccións xerais –de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa; de Centros e Recursos Humanos; e do Patrimonio Cultural-. Cómpre sinalar que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural continúa a depender da Secretaría Xeral de Cultura, como ocorre desde a creación a pasada lexislatura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Así mesmo, volven establecerse 4 xefaturas territoriais, unha por provincia, das que dependen os correspondentes servizos de Coordinación da Área Cultural.

Ademais, seguen adscritos a esta consellería, como seguintes entidades públicas instrumentais, a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), o ente público Axencia para a Xestión Integrada, Calidade e Avaliación da Formación Profesional e a Fundación Pública Camilo José Cela.

O decreto que fixa a estrutura orgánica axústase ao Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, fundaméntase na optimización dos recursos públicos, a eficacia na

xestión e o logro da máxima coordinación das distintas unidades, como principios básicos que guían a actuación da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

DIRECTOR DA AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

Manuel Antonio Varela Rey

Manuel Antonio Varela Rey naceu na cidade da Coruña. Foi enxeñeiro de proxecto en Norcontrol (Applus+), compañía en que posteriormente exerceu como director de proxecto e *product manager*.

Así mesmo, foi director xerente de Cupa Innovación (do Cupa Group) e director xerente de *Ingeniería Nacarsa SA*.

Ata a actualidade era director xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública na Consellería de Sanidade.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A DECLARACIÓN DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL DO PLAN SECTORIAL DA REDE VIARIA DE OURENSE

- *O ámbito xeográfico que abarca este plan sectorial comprende os concellos de Ourense, O Pereiro de Aguiar, San Cibrao das Viñas, Paderne de Allariz, Taboadela, Barbadás, Toén, Coles, Punxín e Amoeiro, o que implica unha poboación beneficiada de máis de 140.000 habitantes*
- *Este plan, cun investimento de máis de 150 millóns de euros, prevé case 40 actuacións ata o ano 2020 para actuar en 135 km de vías*
- *No primeiro trimestre de 2013 o documento técnico someterase á información pública de durante un prazo mínimo de 45 días*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a declaración de incidencia supramunicipal do Plan sectorial da rede viaria de Ourense e a súa área de influencia, de conformidade co artigo 25.2 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.


O obxectivo do plan sectorial responde á necesidade de analizar as comunicacións viarias da área de estudo e a súa interconexión coas principais vías de comunicación existentes para acadar un sistema de transporte na área metropolitana que sexa eficaz, equilibrado, consensuado, estable e sustentable.

A finalidade deste plan é mellorar a mobilidade de Ourense e a súa área de influencia para cumprir co obxectivo global de ofrecerlles aos cidadáns unhas infraestruturas viarias de calidade, que lles permitan desprazarse con seguridade, rapidez e comodidade, dentro dun marco de mobilidade sustentable.

Grazas a este traballo de planificación acadarase unha adecuación funcional da rede de estradas ao incremento da mobilidade e do tráfico, a mellora da seguridade na rede de estradas, o reforzo da accesibilidade ás zonas máis periféricas, a mellora global da rede de estradas, coa creación de itinerarios alternativos; ao mesmo tempo que se potencia a protección da calidade ambiental dos espazos de interese natural e unha xestión adecuada dos recursos destinados á rede de estradas, mellorando as partidas destinadas á conservación e explotación da rede.

O ámbito xeográfico que abarca este plan sectorial comprende os concellos de Ourense, O Pereiro de Aguiar, San Cibrao das Viñas, Paderne de Allariz, Taboadela, Barbadás, Toén, Coles, Punxín e Amoeiro, o que implica unha poboación beneficiada de máis de 140.000 habitantes

Este plan prevé preto de 40 actuacións, que implican actuar en 135 km de vías, que en termos de investimento supoñen un orzamento de máis de 150 millóns de euros para actuacións que se van executar no horizonte temporal 2013-2020. Na seguinte imaxe pódese observar a planta xeral das actuacións:



Estado actual

Unha vez aprobada a declaración de supramunicipalidade por parte do Consello da Xunta, a Axencia Galega de Infraestruturas someterá o plan á Información pública e, posteriormente, analizaranse as posibles alegacións e redactarase a memoria ambiental.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas promove o plan denominado Plan sectorial da rede viaria de Ourense e a súa área de influencia ao abeiro da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia e do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

Os plans sectoriais de incidencia supramunicipal, creados pola Lei 10/1995, teñen por obxecto regular a implantación territorial das infraestruturas, dotacións e instalacións de interese público ou utilidade social cando a súa incidencia transcenda do termo municipal en que se encontren, ou que se asenten sobre varios termos.

A POLICÍA AUTONÓMICA INCREMENTOU NUN 56 POR CENTO OS OPERATIVOS NA LOITA CONTRA O FURTIVISMO E O MARISQUEO ILEGAL

- ***Foron incautados 13.000 quilos de marisco e máis de 2.100 persoas identificadas***
- ***O principal obxectivo é impedir a extracción do marisco, así coma a súa venda e posterior distribución ilegal***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o informe da colaboración durante o ano 2012 entre o Equipo Especializado de Resposta Policial-Erpol da Policía Autónoma e o Servizo de Gardacostas da Xunta na loita contra o furtivismo e marisqueo ilegal, que deu como resultado un incremento dun 56 por cento dos operativos, que se reflicten na incautación de case 13.000 quilos de marisco e máis de 2.100 persoas identificadas.

A Policía Autónoma ven desenvolvendo unha activa colaboración con distintos departamentos da Consellería do Medio Rural e do Mar, que mesmo se ten acentuando neste último ano, sobre todo no que atinxe á loita contra o furtivismo e marisqueo ilegal, establecendo un alto número de dispositivos conxuntos de control do marisqueo en toda a costa galega, coa finalidade de impedir as actividades relacionadas co furtivismo, tanto no que se refire á extracción do marisco como á venda e distribución ilegal deste.

Os membros da unidade especializada da Policía Autónoma levaron a cabo un total de 176 dispositivos, 27 controis en estradas, 280 embarcacións inspeccionadas, 834 vehículos, que deron como resultado a incautación de 12 embarcacións e vehículos, 94 nasas e pranchas de polispán e 346 restrelos, sachos e caldeiros, entre outros. Ademais foron tramitadas 797 denuncias, 6 dilixencias policiais e 23 persoas detidas ou imputadas.

Os axentes autonómicos estableceron dispositivos con persoal propio, pero tamén outros dispositivos conxuntos cos gardacostas, que lles permiten o control do furtivismo e marisqueo ilegal, tanto na súa actividade extractiva como tamén e moi especialmente de saída do produto, venda e transporte. Deste xeito o persoal da Policía Autónoma traballa tanto a pé de praia, como nos portos ou estradas, establecendo dispositivos de intervención directa, con controis e inspeccións de embarcacións e vehículos, así como identificacións e denuncias de infractores, mesmo coa súa imputación e detención.

Para levar a cabo estes dispositivos estruturáronse os efectivos integrándoos nun grupo policial, debidamente formado e preparado para tarefas de protección e intervención específica, dotados asemade dos medios de intervención necesarios, que puidese acometer con garantías a colaboración na loita contra o furtivismo, prestando a súa colaboración profesional ao persoal da Subdirección Xeral de Gardacostas na súa función inspectora e represiva das actividades ilícitas nesta materia.

A colaboración entre os dous corpos da Xunta foi altamente eficaz durante o ano 2012 no que atinxe aos resultados e obxectivos, pero tamén de cara a facilitarlles aos traballadores do mar o desempeño do seu labor con garantías de seguridade, rexeitando o intrusismo e furtivismo nesta actividade e reforzando o cumprimento da normativa de marisqueo, impedindo actividades ilícitas e fortalecendo a seguridade dos traballadores do mar, o cal se viña solicitando de forma reiterada desde as confrarías

De cara ao ano 2013, coa chegada de novos efectivos á UPA e coa ampliación en case un 60% do persoal do equipo Erpol, esta colaboración vaise manter e mesmo ampliar, de maneira que se consoliden definitivamente as intervencións do persoal policial da UPA nas tarefas de control e loita contra o furtivismo e marisqueo ilegal.

O CONSELLO GALEGO DE INDUSTRIA INVOLUCRARÁ A TODOS OS AXENTES NA PLANIFICACIÓN ESTRÁTEXICA DA POLÍTICA INDUSTRIAL

- ***Configúrase como un foro de coordinación, debate e impulso no cal participarán organismos públicos e privados***
- ***A innovación, a internacionalización e a competitividade serán os eixes estratéxicos da súa actuación***

A Consellería de Economía e Industria informou hoxe no Consello da Xunta da creación e próxima constitución do Consello Galego de Industria, previsto na Lei de política industrial como órgano de asesoramento e de participación dos axentes públicos e privados involucrados na planificación e execución da política industrial da Comunidade Autónoma co obxectivo de dinamizar e mellorar o sector.

O Consello nacerá como un foro de coordinación, debate e impulso da competitividade, e servirá para potenciar unha maior presenza da industria na actividade económica, traballando no impulso da innovación, da internacionalización e da competitividade como puntos fundamentais para o desenvolvemento do sector.

Entre as funcións do Consello están a emisión de informes sobre o impacto das actuacións públicas no tecido industrial galego ou a realización de propostas que traten os instrumentos de planificación da política industrial; así como a elaboración de estudos nesta materia ou a resolución das distintas cuestións que se lle presenten relativas ao sector industrial.

Para a realización destas actividades, naqueles casos en que o considere necesario, o Consello Galego de Industria poderá establecer grupos de traballo nos que contará coa participación de expertos de recoñecido prestixio no ámbito correspondente.

A Presidencia do Consello correspóndelle ao conselleiro competente en materia de industria e a Vicepresidencia será representada polo titular da dirección xeral cualificada en industria. Formarán parte do Pleno tres directores xerais propostos pola Consellería de Economía e Industria e outros tres designados polas consellerías de Medio Ambiente Territorio e Infraestrutura, Traballo e Benestar e do Medio Rural e do Mar.

Tamén contará con representantes das principais organizacións empresarias e sindicais, así como das entidades locais, colexios profesionais e institucións relacionadas co estudo e coa análise das políticas industriais.

Deste xeito, o Consello configúrase como un órgano que proporciona un escenario de participación institucional, concertación e diálogo social, propiciando un contorno favorable á iniciativa e ao desenvolvemento empresarial.

AS CAMPAÑAS DE VACINACIÓN DA XUNTA MANTEÑEN A INCIDENCIA DE CASOS POR MENINGOCOCO C NO SEU NIVEL MÁIS BAIXO DESDE 1995

- ***Nestes momentos en Galicia existe unha situación de endemia de nivel baixo desta enfermidade***
- ***A incidencia da enfermidade meningocócica viña diminuindo desde 1985, pero en 1996 cambiou a tendencia e o número de casos chegou a 393***
- ***Estímase que se evitaron, desde o ano 1996, máis de 1.000 casos e máis de 100 mortes entre a poboación infantil***

O uso das vacinas existentes contra a enfermidade meningocócica debida ao serogrupo C, tanto en campañas concretas coma coa súa inclusión no calendario de vacinación infantil, provocou unha diminución inmediata da incidencia da enfermidade, que se logrou manter tras diversas campañas de revacunación en determinados grupos de idade. Así se recolle nun informe presentado hoxe pola titular de Sanidade, Rocío Mosquera, aos membros do Consello da Xunta.

A enfermidade meningocócica, que se pode presentar como sepsis ou meningite, é o resultado da infección coa bacteria *Nisseria meningitidis* ou meningococo. Os meningococos contan cunha cápsula que permite agrupalos en serogrupos, nas últimas décadas en Galicia só dous deles, o B e o C, son epidemioloxicamente relevantes, tendo en conta a súa frecuencia (a enfermidade meningocócica por outros serogrupos é só testemuñal na Comunidade Autónoma).

Na vixilancia desta doenza preséntanse os datos de incidencia en tempadas e non en anos, debido á súa estacionalidade, xa que é máis frecuente nos meses máis fríos do ano.

Comezo das campañas de vacinación

En 1995, en Galicia, a incidencia da enfermidade meningocócica -que viña diminuindo desde 1985- cambiou a súa tendencia, de xeito que en 1996 o número de casos chegou a 393, que supoñen unha taxa bruta de 15 casos por cen mil habitantes. Este aumento correspondía á enfermidade meningocócica categorizada como serogrupo C (EMSC).

Daquela, só se dispuña dunha vacina eficaz fronte á EMSC para controlar a súa progresión, e entre decembro de 1996 e xaneiro de 1997 desenvolveuse a primeira campaña de vacinación que acadou unha cobertura superior ao 86% da poboación á que ía dirixida, os que nese intre tiñan entre 18 meses e 19 anos de idade.

Xa en 1997 a campaña produciu unha importante redución da incidencia de EMSC nos grupos de idade aos que se dirixira e tamén dos casos totais de enfermidade meningocócica.

A efectividade vacinal directa superou nese ano o 90% en todos os grupos de idade. A partir de 1998, a incidencia de EMSC diminuíu tamén nos que -pola idade que tiñan durante a campaña- non recibiran a vacina, e, desde entón, a enfermidade meningocócica categorizada como serogrupo B (EMSB) volveu ser o predominante.

Calendario de vacinación infantil

No ano 2000 autorizouse unha nova vacina fronte á EMSC que, a diferenza da anterior, é inmunóxena nos nenos máis cativos. Esta vacina engadiuse ao calendario de vacinacións infantís de Galicia ese mesmo ano.

Ao mesmo tempo, na tempada 1999/2000 detectárase un aumento da incidencia de EMSC nos máis novos dos que recibiran a vacina durante a primeira campaña de vacinación; por iso, coincidindo coa inclusión da vacina conxugada no calendario, se desenvolveu unha segunda campaña de vacinación dirixida a todos os que naceran despois do 1 de xaneiro de 1993. Esta nova campaña acadou unha cobertura do 95%.

Durante a tempada 2003/04 apreciouse un lixeiro aumento da incidencia de EMSC, que se consolidou na 2004/05 e se concentraba nas persoas nadas antes de 1993, feito que indica que se estaba a perder a protección acadada durante a campaña. Para controlar este novo aumento, entre febreiro e xuño de 2006 desenvolveuse unha nova campaña de vacinación, desta volta dirixida aos que entón tiñan entre 13 e 25 anos de idade.

Esta nova campaña acadou o obxectivo de cobertura que tiña previsto e xa amosou o seu impacto na tempada 2005/06 e confirmouno na 2006/07. De entón e ata a actualidade a incidencia de EMSC seguiu a diminuír: a tempada 2007/08 rematou con só 5 casos de EMSC e desde a de 2008/09 só ocorreron 1 ou 2 casos á tempada.

Estímase, pois, que, desde o ano 1996 evitáronse máis de 1.000 casos e máis de 100 mortes entre a poboación infantil.

Polo tanto, no día de hoxe, a incidencia da enfermidade meningocócica por serogrupo C está no seu nivel máis baixo desde antes de 1995, sen aumentos na B nin na incidencia global, polo que se pode dicir que nestes momentos en Galicia existe unha situación de endemia de nivel baixo desta enfermidade.